

EXTRACCIÓN DO DNA DOS CHÍCHAROS

MATERIAL:

- | | |
|--|---------------------|
| ■ Chícharos | ■ Microscopio |
| ■ Deterxente lavavaixelas | ■ Sal (NaCl) |
| ■ Líquido para limpar lentes de contacto o ben abrandador de carne | ■ Alcohol de 96° |
| ■ Batedora | ■ Probeta de 250 cc |
| ■ Auga destilada | |

MÉTODO:

1. Mestura no frasco da batedora 400 g de chícharos con 200 ml de auga destilada e engade 3 culleradas de deterxente de lavavaixelas e unha de sal.

A solución de lavavaixelas e sal xunto coa acción da batedora é capaz de romper a parede celular e as membranas plasmática e nuclear das células.

2. Bate ben e filtra o líquido obtido (serve un coador metálico dos de casa).
3. Pasa o líquido filtrado a unha probeta.
4. Engade un chorro de líquido para limpar lentes de contacto e mestura ben todo.

O líquido para limpar lentes de contacto contribúe á eliminación de proteínas que puideran contaminar o ADN.

5. Engade 50 ml de alcohol **con moito coidado**, facéndoo esvarar polas paredes do vaso para que non se mesture co filtrado e forme unha capa sobre el separada por densidades.
6. Deixa repousar durante uns minutos. Observarás que vai subindo e mesturándose co alcohol unha maraña de fíos brancos: é o DNA dos chícharos.
7. Co obxectivo de maior aumento observa un anaco destes fíos. O DNA debe verse como uns fíos moi delgados e separados.



1. capa de alcohol
2. capa del filtrado
3. Interfase con ADN



Existen animacións didácticas de gran utilidade, que explican o empaquetamento do DNA, como por exemplo: <http://www.dnafb.org/dnafb/29/concept/index.html>